Normalmente serían dúas probas escritas de Sociais, Lengua Castellana e Lingua Galega respectivamente, nos dous primeiros trimestre e unha de cada no terceiro trimestre.

- A organización do material pedagóxico da que dispón o alumnado para o traballo na aula: cadernos, fichas, etc 5% da cualificación.
- A correcta elaboración dos proxectos: 10% da cualificación.

- A correcta presentación dos proxectos: 5 % da cualificación.

Realizaranse probas de recuperación finais ao remate do curso se considero que estas poden aportar algo na recuperación do alumnado para a súa cualificación final na materia.

A participación en CLUB DE LECTURA, CLUB DE DEBATE, UNESMUN, CIJC SANTARÉM e calquera outra que demande un traballo extra e continuado durante o curso escolar suporá un incremento de até 1 punto na cualificación da avaliación ordinaria (non da extraordinaria); este incremento só se aplicará desde o momento no que o alumno ou a alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

4.- Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: *Diversificación curricular 1- ASL* - Ed. Xerais

Enciclopedias

Dicionarios

Atlas

Mapas murais

Táblets con conexión á Internet para poder visualizar documentais, películas e todo aquilo que se considere interesantes para a formación do alumnado, ademais de para ser utilizados no labor propiamente informático.

DVDs - Cds

Material escolar aportado polo alumnado

Libros de lectura obrigatoria ou fragmentos literarios que se lerán na clase e/ou na casa .

O xornal "La Voz de Galicia" todos os mércores, co seu suplemento "La Voz de la Escuela".

5.- Metodoloxía

Todas as horas lectivas se impartirán na aula na aula do grupo, tanto para teoría como para práctica, lectura e escritura, sendo unha delas aproveitada para a lectura e interpretación do xornal "La Voz de Galicia", pois xa levamos participando no **Programa Prensa - Escola** os cinco cursos anteriores cos chamados anteriormente grupos de diversificación.

A diferenza de cursos anteriores onde utilizabamos durante tres horas a aula de informática para a realización dos proxectos, neste curso ao dispoñer de unha táblet na aula para cada alumno con conexión a internet xa podemos dedicar ese tempo na propia aula. Calculamos que as sesións semanais serán entre dúas e tres dependendo dos avances do alumnado. Tamén dispoñemos de encerado dixital interactivo (EDI) para que o alumnado poida realizar e expoñer alí os proxectos que se realicen ao longo do ano académico.

Ademais o alumnado participará nas actividades extraescolares que como profesor vexa axeitadas para a súa formación e consensúe de xeito transversal cos diferentes departamentos (conferencias, teatro, cine, museos, concertos, saídas á natureza, etc.) e que se vaian programando según avance o curso.

6.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No Ámbito Sociolingüístico a recuperación das materias pendentes farase de acordo ao progreso que o alumnado do curso vaia demostrando en Lingua Galega, Lengua Castellana e Sociais para o curso 3º, pero nun nivel lixeiramente inferior aos obxectivos marcados para ese curso. O traballo diario con fichas de exercicios en Lingua Galega e Castela permite facelo, no caso de Lingua Castelá previo acordo con ese departamento. En Sociais ese traballo será facilitado trimestralmente polo departamento ao igual que en anos anteriores. A avaliación seguirá o mesmo sistema.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Utilizaremos o sistema de rúbricas para avaliar o proceso do xeito que segue tanto nas probas escritas como nos proxectos presentados:

Critérios	Excelente (10-9)	Moi ben (8-7)	Ben (6-5)	Mellorable (4-3)	Frouxo (2-1-0)
Conceptos	Identifica e desenvolve	Identifica	Identifica a medias	Escasa identif.	Non identifica
Organización	Moi ben presentado	Ben presentado	Con algúns erros	Erros abundantes	Incomprensible

Presentación	Moi clara e comprensible	Clara e comprensible	Correcta	Farragosa	Non presenta traballo
Ortografía	Impecable	Moi boa	Boa	Con erros	Con moitos erros
Bibliografía	Cítaa toda	Cita algunha	Escasa	Escasa e con erros	Non hai bibliografía
Actitude	Moi traballador	Traballador	Traballa o xusto	Escasamente traballador	Non traballa
Participación	Intervén continuamente e con acerto	Intervén correctamente	Intervén algunhas veces	Intervén poucas veces	Nunca intervén
Educación en valores	Moi bo compañeiro, solidario e respectuoso	Bo compañeiro, solidario e respectuoso	Correcto na aula e nas opinións	Escasamente compañeiro e ás veces irrespectuoso	Despectivo, insolidario e egoísta

Esta programación pode ser reformada dependendo dos avances ou da escaseza dos mesmos que perciba no alumnado do grupo ao longo do curso académico. Pode modificarse o reparto lectivo nas aulas e parte da metodoloxía. Os obxectivos poden variar, pero creo que os mínimos deben ser irrenunciáveis.

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

PROGRAMACIÓN DE 3º ESO

- 1. Introducción e contextualización**
- 2. Criterios de avaliación, contidos, obxectivos, actividades, metodoloxía e temporalización.**
- 3. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe , competencias clave , instrumentos de avaliación e criterios de corrección.**
- 4. Procedementos de avaliación.**
- 5. Mínimos esixibles.**
- 6. Avaliación inicial.**
- 7. Alumnado con materias pendentes.**
- 8. Medidas de atención á diversidade**
- 9. Programa de educación en valores**
- 10. Contribución ao Plan TIC**
- 11. Contribución ao plan de convivencia**
- 12. Contribución ao proxecto lingüístico e lector**
- 13. Actividades complementarias e extraescolares.**
- 14. Materiais e recursos didácticos incluídos os libros de texto.**
- 15. Procedementos para avaliar a propia programación.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación que presentamos para a materia de lingua galega e literatura do 3º curso de ESO realízase ao abeiro do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto, tal e como se indica no seu título desenvolve os currículos creados para desenvolver a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

A programación supón un grao maior de concreción con respecto ao currículo inicial. Neste caso será de aplicación no IES Luís Seoane de Monte Porreiro. Trátase dun centro de barrio situado nas aforas de Pontevedra.

Neste contexto periurbano, o Instituto de Monte Porreiro exerce como axente dinamizador, tanto da vida social e cultural do barrio como da convivencia do mesmo; este labor tórnase, se cabe, máis importante por se tratar dun barrio onde existe unha importante multiculturalidade que coexiste cun perfil socioeconómico medio-baixo.

Esta multiculturalidade, lonxe de entenderse como un problema, é entendida dende o noso centro coma un valor. Se ben, isto non quere dicir que a convivencia entre diferentes grupos étnicos e culturais, poida crear en ocasións dificultades engadidas.

Con respecto ao uso da lingua galega, variable que inflúe directamente na nosa materia, temos que dicir que as actitudes e usos son as esperables segundo a maior parte dos estudos sociolingüísticos para realidades sociais e xeográficas como na que está ubicada o noso IES.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais.

A realidade sociolingüística de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo.

O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia.

O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, neste currículo.

Por outra parte, a LOMCE determina que a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria pasa a se organizar en dous ciclos: o primeiro, formado por 1.º, 2.º e 3.º de ESO, mentres o segundo ciclo está constituído exclusivamente por 4.º de ESO, curso que ten carácter fundamentalmente propedéutico e pode ser cursado pola opción de ensinanzas académicas – con acceso ao Bacharelato– ou pola de ensinanzas aplicadas –con acceso á Formación Profesional–

En canto ás materias, a LOMCE fai unha distinción entre materias troncais, materias específicas e materias de libre configuración autonómica; neste último bloque encádrase actualmente a materia de Lingua Galega e Literatura.

Así pois, este novo marco lexislativo obrigou a unha mudanza completa do panorama educativo que é a que motivou a aparición do noso proxecto educativo para a materia de Lingua Galega e Literatura destinado aos catro cursos que integran a ESO. A nosa intención foi a de ofrecer materiais adaptados a todas estas mudanzas lexislativas, que presenten con rigorosidade e clareza os contidos e as actividades integradas, contribuíndo a unha aprendizaxe comunicativa, construtiva e próxima á realidade social e cultural do noso territorio.

1.1. Obxectivos xerais de etapa.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CONTIDOS, OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA, TEMPORALIZACIÓN

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual. 	<p>A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto</p>	<p>Ao longo do curso realizaremos para traballar os contidos deste curso as seguintes</p>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. 	<p>concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela.</p>	<p>actividades: Exposicións Clases maxistrals Traballos en grupo Proxectos de investigación Lectura de libros Saídas e viaxes formativas Remuíños de ideas Resumos, esquemas e mapas conceptuais dos temas tratados na aula. Estamos bosquexando unha UDI co departamento de tecnoloxía sobre a emigración</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos. 	<p>A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos. 	<p>Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. 	<p>As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<p>As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. 	<p>As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión</p>	

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ c ▪ g ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. 	<p>emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. 	<p>Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. 		
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<p>comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e uso gramaticais.</p> <p>Proporcir e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.</p> <p>Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.</p> <p>Propiciar a implementación</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos. 	<p>de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. 	<p>Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. 	<p>Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego. 	<p>Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<p>A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<p>só o necesario ás exposicións maxistrais e</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h ▪ f 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 		
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. 	<p>dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.</p> <p>O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurárase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregáranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ n ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
	coa cohesión textual.	puntuación.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temática en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
Bloque 4. Lingua e sociedade				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. ▪ B4.3. A lusofonía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ l ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Prexuizos lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia. 		
Bloque 5. Educación literaria.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Metodoloxía	Actividades
	representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	literatura galega desde a Idade Media ata 1916.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ e ▪ h ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 		

TEMPORALIZACIÓN

Dado que o manual aparece dividido en doce unidades e tres proxectos de investigación, a temporalización ideal pasa por impartir catro unidades por trimestre e por desenvolver un proxecto durante este mesmo período. Con todo, a práctica docente acostuma ter que se enfrontar cun primeiro trimestre máis amplo e máis homoxéneo (arredor de 14 semanas), fronte a un segundo e terceiro trimestres que oscilan entre as 10 e as doce semanas en función dos períodos vacacionais. Por mor disto, optamos por ofrecer un modelo de periodización flexíbel que calcula un período medio de tres semanas por unidade para que o tempo sexa o necesario para impartir contidos, para realizar secuencias de aprendizaxe, para revisar e ampliar conceptos e, finalmente, para realizar avaliacións.

	Bloques Unidades	Lectura	Exposición oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
1.º trimes	Unidade 1	"Ruthie, a de Edna"	Pedir información	Funcións da	Hixiene e coidado persoal /	A lingua e a súa organizac	Acentuación (l): regras	Historia da lingua (l): orixe	Literatura galega.

tre	(semanas 1-3)		n persoal	linguaxe	Campo semántico	ión	xerais	da lingua galega	Xéneros literarios
	Unidade 2 (semanas 4-6)	<i>Sempre quixen bailar un tango</i>	Mostrar alegría e tristeza	Tipoloxía textual (I)	Sentimentos e estados de ánimo / Campo asociativo	Nome substantivo e nome adxectivo	Acentuación (II): ditongos, tritongos e hiatos; diérese	Historia da lingua (II): a lingua galega na Idade Media	Literatura medieval. Lírica profana (I)
	Unidade 3 (semanas 7-9)	“Un estudo encontra hórreos galegos en Australia e en Nova Zelandia”	Expresar contrariedade e desculparse	Tipoloxía textual (II)	Hospedaxe / Familia léxica	Pronome (I): artigo, demostrativo e posesivo	Acentuación (III): acentuación diacrítica	Linguas en contacto (I): interferencia e alternancia de código	Lírica profana (II)
	Unidade 4 (semanas 10-12)	“Shopping girls” e “Son un manequín..”	Narrar unha historia	Texto literario (I): biografía e autobiografía	Comercio / Palabras patrimoniais, cultas e semicultas	Pronome (II): identificador, cuantificador, numeral, relativo, interrogativo e exclamativo	Maiúsculas e minúsculas	Linguas en contacto (II): conflito lingüístico, bilingüismo e diglosia; normalización e substitucións lingüísticas	Cantigas de temática amorosa: cantigas de amigo e cantigas de amor

	Bloques Unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
2.º trimestre	Unidade 5 (semanas 13-15)	“As exhibicións cinematográficas en Galiza (1896-1954)”	Describir unha persoa	Texto literario (II): retrato e autorretrato	Arquitectura / Abreviación, abreviatura e símbolo	Pronome (III): persoal	Puntuación (I): punto, vírgula e punto e vírgula	O galego e a lusofonía	Cantigas de <i>escarnho e maldizer</i> . Outros xéneros. Lírica relixiosa. Prosa medieval

	Unidade 6 (semanas 16-18)	<i>Tres capitáns de tempos idos</i>	Contraargumentar	Textoxornalístico (I): debate	Artes plásticas / Enriquecemento do léxico (I): derivación	Verbo (I): formas persoais	Puntuación (II): sinais de interrogación e de exclamación, dous puntos e aspas	Historia da lingua (III): a lingua galega nos Séculos Escuros e na Ilustración	Literatura da Idade Moderna
	Unidade 7 (semanas 19-21)	“Topsecret” e “Hoax”	Mostrar acordo e desacordo	Textoxornalístico (II): entrevista	Cinema / Enriquecemento do léxico (II): composición	Verbo (II): formas infinitas, perífrase verbal e voz verbal	Puntuación (III): parénteses, trazo medio, curto e longo; barra oblicua e apóstrofo	Historia da lingua (IV): a lingua galega do século XIX até 1916	Prerrexurdimento e Rexurdimento
	Unidade 8 (semanas 22-24)	Sangue do noso sangue	Expresar unha opinión e aconsellar	Textoxornalístico (III): crónica e reportaxe	Música e baile / Enriquecemento do léxico (III): sigla, acrónimo e amálgama	Adverbio, preposición e conxunción	Uso de b/v, de h e dalgunchas vogais	Lingua estándar e desvíos	Rosalía de Castro

Bloques Unidades	Lectura	Exposición oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	Literatura
3.º trimestre	Unidade 9 (semanas 25-27)	<i>Caderno de Xapón</i>	Pedir información	Textocientífico: relatorio, conferencia, teleconferencia e mesa redonda	Radio e televisión / Enriquecemento do léxico (IV): préstamo e estranxeirismo	Unidade e función sintácticas; frase	Variedades lingüísticas: variedades diatópicas e variedades diastráticas	Eduardo Pondal

Unidade 10 (semanas 28-30)	“Aparece nos meus soños...” e “(Debilidade de bilidade pola luz do anxo caído)”	Pedir favores e servizos	Texto administrativo: acta e solicitude	Ecloxía / Enriquecemento do léxico (V): onomatopoea	Funcións sintácticas na cláusula (I)	Grupos consonánticos	O galego e as leis	Manuel Curros Enríquez
Unidade 11 (semanas 31-33)	“Corredores”	Chamar a atención do/da interlocutor/a	Texto publicitario: anuncio	Seres míticos e ritos máxicos / Enriquecemento do léxico (VI): palabra tabú e eufemismo	Funcións sintácticas na cláusula (II)	Palabras homónimas e parónimas	Lingua inicial e usos lingüísticos	Ensaio, narrativa e teatro do Rexurdimento. Literatura finisecular
Unidade 12 (semanas 34-36)	<i>Antígona</i>	Conversar ao teléfono	Texto electrónico: correo electrónico e conversa gráfica	Deporte / Enriquecemento do léxico (VII): cultismo e latinismo	Cláusula e oración	Xuntos ou separados?	Preconceitos lingüísticos	Literatura popular

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CORRECCIÓN

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
Bloque 1. Comunicación oral. Escouitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes). ▪ LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos. 	<p>A avaliación realizarase a través de probas obxectivas (exames e rúbricas de se levar adiante a UDI). Neste nivel de bacharelato realizaremos 2 probas obxectivas por trimestre</p>	<p>Nas probas obxectivas avaliaremos o adxusición dos contidos curriculares en función do grao de consecución</p>
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Escouita crítica e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Diferencia as 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.	propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.	<p>ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. ▪ LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. 	<p>que suporán o 70 % da nota.</p> <p>O 30 % restante avaliarase a través da actividades da aula (10%) da actitude e dos traballo de investigación que realice o alumno.</p>	<p>ción dos estándares.</p> <p>Así mesmo valorarase a coherencia, cohesión, e adecuación na escrita así como un dominio da ortografía e a sintaxe propia do nivel educativo</p>
▪ B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.	▪ B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. ▪ LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos. ▪ LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos. 		
▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).	▪ B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. ▪ LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra. 		
▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre	▪ B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como	▪ LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.	planificadas.	<p>as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas. ▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega. ▪ LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais. ▪ LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios. ▪ LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas. ▪ LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. 		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). ▪ LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. ▪ LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. ▪ LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. ▪ LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. ▪ LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.	sobre temas da vida cotiá ou educativa.	súa opinión.		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas. 		
<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. 		
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario. LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Comprensión e interpretación de textos 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Comprender e interpretar textos da vida 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos). 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos. 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais. 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. ▪ LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto. ▪ LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc. 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais). 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais). 		
<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir 	<ul style="list-style-type: none"> B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
erros.	escritas.	contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.		
<ul style="list-style-type: none"> B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores. 		
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua. 		
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais. LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual. 		
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición). 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación. 		
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temática en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais enos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 		
Bloque 4. Lingua e sociedade				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo. ▪ B4.3. A lusofonía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura. ▪ LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega. ▪ LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura. ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística. ▪ LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega. ▪ LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias). 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia. ▪ LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
(aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.		galego segundo a idade das persoas.		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso. 		
<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. 		
<ul style="list-style-type: none"> B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 		
		<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916. 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	▪ B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.	▪ LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.		
▪ B4.8. Prexuizos lingüísticos.	▪ B4.6. Identificar os prexuizos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	▪ LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuizo, detecta e analiza a presenza de prexuizos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.		
▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.	▪ B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.	▪ LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.		
		▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.		
		▪ LGB4.7.3. Rexeita os prexuizos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.		
Bloque 5. Educación literaria.				
▪ B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	▪ B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	▪ LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.		
		▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.		
▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	▪ B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	▪ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.		
		▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
		<p>literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. ▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s). 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916. ▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou 		

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Criterios de corrección
en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas. ▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes. 		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. ▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. 		

4. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continua, xa que unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua e Literatura Galega debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar uns obxectivos de outros. A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso que será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliador. Con carácter xeral, haberá probas que serán consontes coa metodoloxía de traballo e as actividades desenvolvidas. Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro no tempo dos períodos avaliadores trimestrais. Será a profesora ou profesor quen decida no seu momento o sistema que empregará para recuperación do

alumnado por medio dun procedemento que non contradiga o sistema de avaliación continua.

Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos. En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame de setembro onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia (os libros de lectura obrigatorios non serán obxecto de exame nesta proba extraordinaria e, por tanto, non serán avaliábeis).

Na cualificación final ordinaria (xuño) influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a súa actitude fronte ao traballo diario e a cara a materia; e as lecturas e traballos realizados.

Para a avaliación terase en conta, loxicamente:

- O seguimento da alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás, así como a súa actitude na aula suporá un máximo do 10% da cualificación final.
- As probas e traballos efectuados para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias suporán un máximo do 10% da cualificación final.
- As probas, tanto orais como escritas, realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos: suporán un máximo do 80% da cualificación final.

A cualificación na avaliación ordinaria (xuño) será a mesma da 3ª, dado o carácter continuo da avaliación. Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro relativo aos estándares que será valorado cunha cualificación máxima de 10; nesta proba non figurarán cuestións relativas aos libros de lectura.

As faltas de ortografía (incluído til diacrítico) graves, que atenten contra o código serán penalizadas en cada proba escrita: cada catro faltas descontarase 0,25, até un total de 2 puntos.

A participación en CLUB DE LECTURA, CLUB DE DEBATE, UNESMUN, CIJC SANTARÉM e calquera outra que demande un traballo extra e continuado durante o curso escolar suporá un incremento de até 1 punto na cualificación da avaliación ordinaria (non da extraordinaria); este incremento só se aplicará desde o momento no que o alumno ou a alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES

Os estándares de aprendizaxe que conforman os mínimos esixibles son os seguintes:

LGB1.2.1./ LGB1.3.1./ LGB1.4.1./ LGB1.5.1./ LGB1.6.1./ LGB1.9.2./ LGB1.9.4./ LGB2.1.1./ LGB2.61.4./
LGB2.4.1./ LGB2.5.1./ LGB2.8.1./ LGB2.8.2./ LGB2.12.1./ LGB2.12.2./ LGB2.12.3./ LGB2.12.5./

6. PROCEDIMIENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase a través dunha proba obxectiva con cuestións relativas á morfoloxía, á comprensión textual e á produción textual durante a primeira semana de curso.

7. ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Aqueles alumnos/as que teñan materias pendentes terán un plan de traballo para poder recuperar a materia ao longo do presente curso. Para recuperar a materia o alumno terá que facer unha serie de traballos e presentarse a tres probas obxectivas ao longo do curso. As probas serán nas datas indicadas ao final de cada trimestre. Para superar a materia terá que ter unha nota mínima de 5 en cada un dos exames.

Os criterios de cualificación serán os mesmos que se establecen para as probas extraordinarias dos cursos correspondentes.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe da aula implementaremos as diferentes medidas establecidas na lexislación vixente. ACI, Plans de Mellora e reforzos educativos.

Así mesmo estaremos en contacto permanente co departamento de orientación para traballar coas diferentes necesidades que xurdan ao longo do curso.

9. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A lexislación vixente establece que a educación en valores debe ser un referente fundamental no proceso de ensino aprendizaxe. Esta debe ter un carácter transversal e estar presentes en todo momento na nosa materia. Prestaremos especial atención aos seguintes aspectos:

- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Na sociedade actual a comunicación lingüística ten un valor fundamental a través das novas tecnoloxías. Esta realidade determina de tal xeito a nosa función, que sería impensable unha competencia lingüística plena se non somos quen se exercela a través da competencia dixital.

Ao longo de todo o curso estaremos en contactos con ferramentas dixitais e tecnoloxías da comunicación á hora de realizar proxectos de investigación, presentacións e redacción de textos co fin de contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital e á alfabetización informacional.

11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Partindo dos obxectivos establecidos neste plan (*DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*). No artigo 3º deste decreto establécese o seguinte:
Artigo 3. Principios informadores e fins das normas de convivencia

1. A convivencia nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como referentes xerais os principios

establecidos pola Constitución española e as leis orgánicas que a desenvolvan, o Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación que del dimana, en especial a Lei 4/2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España.

2. En particular, a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.

f) A promoción da resolución pacífica dos conflitos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.

g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado

Polo tanto, nesta programación levaremos adiante todas e cada unha dos aspectos que se desenvolven no plan de convivencia do centro e da lexislación vixente. Deste xeito trataremos de fomentar o respecto, a sensibilización co outro e a resolución pacífica de conflitos de xeito transversal nas nosas aulas, tanto a través da creación dun ambiente de traballo respectuoso e

agradable como a través dos programas específicos propostos no proxecto de convivencia do IES Luís Seoane.

12. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO E LECTOR DE CENTRO

O Departamento de Lingua Galega, o ENDL e o Equipo de Biblioteca traballan coordinados en boa parte de xeito interdisciplinar; neste sentido, a contribución da materia de lingua e literatura galega ao proxecto de centro é fundamental xa que compartimos unha boa parte dos obxectivos. Incentivamos, pois, a participación do alumnado nas saídas, nas publicacións, no club de debate, noa clubs de lectura, nos roteiros temáticos, nas actividades do Comité UNESCO... que cada ano organiza o centro conforme ao establecido no seu proxecto lingüístico.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os alumnos de 3º ESO participarán nas actividades complementarias e extraescolares, por exemplo en:

- Saídas formativas
- Viaxes formativos
- Exposicións
- Charlas e conferencias
- Concertos
- Todas aquelas que se leven adiante polo IES ao longo do curso e que consideremos que poden contribuír á formación do alumnado.

14. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

En canto aos **materiais**, traballarase con libro de texto (*Lingua galega e literatura 3º ESO*, da autoría de Xoán López Viñas, Cilha Lourenço Mória e María Vilariño Suárez, publicado polo Consorcio Editorial Galego con ISBN 978-84-9995-168-3), que as alumnas e alumnos manexarán de xeito bastante autónomo, facendo as súas consultas guiados polo/a profesor/a, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando

as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas.

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogues sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.
- Murais temáticos.

15. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A adecuada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciarán unha notábel mellora do traballo nas aulas. Porén, debemos ter en conta que materiais, metodoloxías, recursos, actividades etc. que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte, posto que o factor humano do alumnado e a súa diversidade xoga un papel determinante no noso traballo diario. Para tratar de paliar no mínimo estes inconvenientes debemos contar cun bo repertorio de materiais flexíbeis e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación / causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Modelo de avaliación da programación didáctica

Docente:	Curso e grupo:
----------	----------------

	Puntos fortes da programación	Puntos fracos da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación				
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				
Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Pertinencia dos instrumentos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave				
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa				
Dinámica do grupo				
Participación en actividades extraescolares e				

complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Favorecemento da multidisciplinariade				
Favorecemento do tratamento integrado de linguas				
Factores que favoreceron o cumprimento da programación				
Causas de non cumprimento da programación				

PROGRAMACIÓN DE MELLORA

3º ESO Curso 2017/18

ÁMBITO SOCIOLINGÜÍSTICO

a.- Introducción e contextualización.

O Programa de Mellora de 3º ESO ten a vantaxe de estar formado por un número reducido de alumnos/as: sete. Ademais, as nove sesións semanais do ASL permiten manter o contacto diario alumnado/profesorado, contacto que lle permite ao profesorado axudar a resolver cada día as carencias educativas dos/as rapaces/as, sen esquecer nunca as competencias que se desexan traballar e os obxectivos que se esperar conseguir.

A procedencia do alumnado do grupo é variada. Dous alumnos repiten 3º de PMAR. Considerouse nun dos casos que o ideal para el sería estar nun curso da Formación Profesional Básica, pero no último momento, en contra do criterio da xunta avaliadora e do departamento de Orientación, decidiu matricularse en 3º PMAR.

Polos informes que posúo de departamento de Orientación e do profesorado que lles impartiu clases en anos anteriores teñen, en conxunto, vontade de traballo, curiosidade e capacidade para levar a cabo o traballo que se propón.

Logo de dúas semanas con eles na aula e despois de varios probas de lectura e escritura podo comprobar que escriben e len con bastante corrección a pesar das súas carencias, aínda cos erros lóxicos de expresión ou ortografía propios dun grupo destas características. Si observo ganas de traballar, bo comportamento e respecto cara eles mesmos e cara o profesorado, con lixeiras dúbidas cara os alumnos repetidores.

Todo o anteriormente sinalado lévame a facer unha programación que agardo sexa a correcta para levar a cabo os obxectivos do Programa de Mellora neste grupo.

b.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

-Área de linguas

Competencia activa e pasiva a un nivel paritario nas dúas linguas oficiais de Galicia (castelán e galego)

-Área de sociais

Interpretación e realización de gráficos, mapas, planos (climáticos, xeográficos, económicos, ...)

Organización política e social do territorio.

-AFI

Procura e selección de información que se nos presenta en diversos soportes: a Internet, os blogs, os libros de texto, os atlas, enciclopedias...

-TICs

Utilización da táblet na procura da información.

Realización de presentacións utilizando programas informáticos e/ou a pizarra dixital na propia aula durante 2-3 sesións á semana.

-Outros

Traballo en grupo.

Resolución de conflitos.

Responsabilidade.

Métodos variables de traballo.

c.- Obxectivos para o curso.

1.- Desenvolver a capacidade de traballo tanto individual como en grupo.

2.- Aprender a buscar información, a seleccionala e ordenala, en calquera soporte.

3.- Aprender a interpretar mapas, gráficas, planos, ..., relacionados coas ciencias sociais e en calquera soporte.

4.- Coñecer as regras gramaticais para expresarse con corrección a nivel escrito e oral en lingua galega.

5.- Coñecer as regras gramaticais para expresarse con corrección a nivel escrito e oral en lingua castelá.

6.- Facer da lectura una fonte de placer, coñecemento e enriquecemento cultural, consolidando os hábitos lectores.

1.- Temporalización.

1ª Avaliación

Elaborar un proxecto de traballo amplo baixo o título “*Xeografía, historia e literatura de Galicia*” dividido en varios subproxectos temáticos.

2ª Avaliación

Elaborar un proxecto de traballo amplo baixo o título “*Xeografía, historia e literatura de España*” dividido en varios subproxectos temáticos.

3ª Avaliación

Elaborar un proxecto colectivo de traballo amplo baixo o título “*Xeografía, historia e literatura do Mundo*” dividido en varios subproxectos temáticos.

Os contidos vanse artellar seguindo as mesmas pautas que responderán ás mesmas preguntas nas tres avaliaciós. As pautas poderán ser modificadas segundo o nivel de pertinencia ao respecto dos lugares escollidos:

Quen somos?	Os grupos humanos/ sociais
A onde imos?	Xeografía de Galicia, de España e do mundo. Razóns dos movementos de poboación
Cando imos?	Climatoloxía.
Como imos?	Medios de transporte e infraestruturas.
Onde vivimos?	Tipos de aloxamento da poboación.
Planos, mapas...?	Interpretación e creación.
Sectores económicos?	Modos de vida.
Factores produtivos?	Economía. Pesca, agricultura, industria.
Distribución da poboación?	Pirámides demográficas. Urbana/rural.

Organización territorial?

Parroquia, aldea, cidade, vila...

Outros:

Gastronomía?

Lugares de interese?

Festividades?

Tempo de lecer?

Tradicións?

Personalidades?

Históricas, políticas, artísticas, literarias...

2.- Obxectivos mínimos para a superación da materia.

- Correcta expresión oral en lingua galega e castelá.
- Correcta expresión escrita en lingua galega e castelá.
- Mínima produción de textos propios.
- Elaboración e exposición personalizada dos proxectos que se realicen ao longo do curso.

3.- Procedementos e instrumentos de avaliación.

En cada trimestre avaliaranse:

- A resolución de problemas e/ou exercicios individuais ou colectivos na aula sobre os contidos do libro de texto, libros de lectura obrigatoria, todo tipo de traballo realizado na clase e das lecturas da aula: 80 % da cualificación.

Normalmente serían dúas probas escritas de Sociais, Lengua Castellana e Lingua Galega respectivamente, nos dous primeiros trimestre e unha de cada no terceiro trimestre.

- A organización do material pedagóxico da que dispón o alumnado para o traballo na aula: cadernos, fichas, etc 5% da cualificación.
- A correcta elaboración dos proxectos: 10% da cualificación.

- A correcta presentación dos proxectos: 5 % da cualificación.

Realizaranse probas de recuperación finais ao remate do curso se considero que estas poden aportar algo na recuperación do alumnado para a súa cualificación final na materia.

A participación en CLUB DE LECTURA, CLUB DE DEBATE, UNESMUN, CIJC SANTARÉM e calquera outra que demande un traballo extra e continuado durante o curso escolar suporá un incremento de até 1 punto na cualificación da avaliación ordinaria (non da extraordinaria); este incremento só se aplicará desde o momento no que o alumno ou a alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

4.- Materiais e recursos didácticos

Libro de texto: *Diversificación curricular 1- ASL* - Ed. Xerais

Enciclopedias

Dicionarios

Atlas

Mapas murais

Táblets con conexión á Internet para poder visualizar documentais, películas e todo aquilo que se considere interesantes para a formación do alumnado, ademais de para ser utilizados no labor propiamente informático.

DVDs - Cds

Material escolar aportado polo alumnado

Libros de lectura obrigatoria ou fragmentos literarios que se lerán na clase e/ou na casa .

O xornal "La Voz de Galicia" todos os mércores, co seu suplemento "La Voz de la Escuela".

5.- Metodoloxía

Todas as horas lectivas se impartirán na aula na aula do grupo, tanto para teoría como para práctica, lectura e escritura, sendo unha delas aproveitada para a lectura e interpretación do xornal "La Voz de Galicia", pois xa levamos participando no **Programa Prensa - Escola** os cinco cursos anteriores cos chamados anteriormente grupos de diversificación.

A diferenza de cursos anteriores onde utilizabamos durante tres horas a aula de informática para a realización dos proxectos, neste curso ao dispoñer de unha táblet na aula para cada alumno con conexión a internet xa podemos dedicar ese tempo na propia aula. Calculamos que as sesións semanais serán entre dúas e tres dependendo dos avances do alumnado. Tamén dispoñemos de encerado dixital interactivo (EDI) para que o alumnado poida realizar e expoñer alí os proxectos que se realicen ao longo do ano académico.

Ademais o alumnado participará nas actividades extraescolares que como profesor vexa axeitadas para a súa formación e consensúe de xeito transversal cos diferentes departamentos (conferencias, teatro, cine, museos, concertos, saídas á natureza, etc.) e que se vaian programando según avance o curso.

6.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

No Ámbito Sociolingüístico a recuperación das materias pendentes farase de acordo ao progreso que o alumnado do curso vaia demostrando en Lingua Galega, Lengua Castellana e Sociais para o curso 3º, pero nun nivel lixeiramente inferior aos obxectivos marcados para ese curso. O traballo diario con fichas de exercicios en Lingua Galega e Castela permite facelo, no caso de Lingua Castelá previo acordo con ese departamento. En Sociais ese traballo será facilitado trimestralmente polo departamento ao igual que en anos anteriores. A avaliación seguirá o mesmo sistema.

h) Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Utilizaremos o sistema de rúbricas para avaliar o proceso do xeito que segue tanto nas probas escritas como nos proxectos presentados:

Criterios	Excelente (10-9)	Moi ben (8-7)	Ben (6-5)	Mellorable (4-3)	Frouxo (2-1-0)
Conceptos	Identifica e desenvolve	Identifica	Identifica a medias	Escasa identif.	Non identifica
Organización	Moi ben presentado	Ben presentado	Con algúns erros	Erros abundantes	Incomprensible

Presentación	Moi clara e comprensible	Clara e comprensible	Correcta	Farragosa	Non presenta traballo
Ortografía	Impecable	Moi boa	Boa	Con erros	Con moitos erros
Bibliografía	Cítaa toda	Cita algunha	Escasa	Escasa e con erros	Non hai bibliografía
Actitude	Moi traballador	Traballador	Traballa o xusto	Escasamente traballador	Non traballa
Participación	Intervén continuamente e con acerto	Intervén correctamente	Intervén algunhas veces	Intervén poucas veces	Nunca intervén
Educación en valores	Moi bo compañeiro, solidario e respectuoso	Bo compañeiro, solidario e respectuoso	Correcto na aula e nas opinións	Escasamente compañeiro e ás veces irrespectuoso	Despectivo, insolidario e egoísta

Esta programación pode ser reformada dependendo dos avances ou da escaseza dos mesmos que perciba no alumnado do grupo ao longo do curso académico. Pode modificarse o reparto lectivo nas aulas e parte da metodoloxía. Os obxectivos poden variar, pero creo que os mínimos deben ser irrenunciáveis.

PROGRAMACIÓN DE

PROGRAMACIÓN DE 4º ESO

curso 2017/18

Índice.

- 1 Introducción e contextualización**
- 2 Obxectivos xerais de etapa.**
- 3 Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares, competencias e mínimos de avaliación.**
- 4 Metodoloxía.**
- 5 Materias e recursos.**
- 6 Secuenciación.**
- 7 Procedementos de Avaliación.**
- 8 Medidas de atención á diversidade.**
- 9 Educación en valores.**
- 10 Plan TIC.**
- 11 Plan de convivencia.**
- 12 Proxecto Lingüístico e lector.**
- 13 Actividades complementarias e extraescolares.**
- 14 Procedementos para avaliar a propia programación.**

1 INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación que presentamos para a materia de lingua galega e literatura do 4^o curso de ESO realízase ao abeiro do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto, tal e como se indica no seu título desenvolve os currículos creados para desenvolver a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

A programación supón un grao maior de concreción con respecto ao currículo inicial. Neste caso será de aplicación no IES Luís Seoane de Monte Porreiro. Trátase dun centro de barrio situado nas aforas de Pontevedra.

Neste contexto periurbano, o Instituto de Monte Porreiro exerce como axente dinamizador, tanto da vida social e cultural do barrio como da convivencia do mesmo. Este labor torna, se cabe mais importante por se tratar dun barrio onde existe unha importante multiculturalidade que coexiste cun perfil socioeconómico medio-baixo.

Esta multiculturalidade, lonxe de entenderse como un problema, é entendida dende o noso centro como un valor. Se ben, isto non quere dicir que a convivencia entre diferentes grupos étnicos e culturais, poida crear en ocasións dificultades engadidas.

Con respecto ao uso da lingua galega, variable que inflúe directamente na nosa materia, temos que dicir que as actitudes e usos son as esperables segundo a maior parte dos estudos sociolingüísticos para realidades sociais e xeográficas como na que está ubicada o noso IES.

A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase, en todos os cursos das etapas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, estruturada en cinco bloques, o que non debe implicar que a actividade docente se corresponda con esta ordenación, senón que, pola contra, se deben producir múltiples conexións entre todos eles.

O bloque 1, "Comunicación oral. escoitar e falar" atende ao uso oral da lingua, e este é obxecto de observación e de análise para recoñecer as normas que rexen o intercambio comunicativo, para observar as estratexias que usan os/as falantes para se comunicar satisfactoriamente, así como as que empregan para comprender ou para producir mensaxes orais. Non obstante, este bloque incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro da aula en contextos formais e informais. A realidade sociolingüística

de cada centro docente determinará a atención que o profesorado deberá dedicar na aula a este bloque, para que o alumnado poida cumprir adecuadamente cos estándares de aprendizaxe descritos.

O bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir" ocúpase da comprensión e a produción escrita. O alumnado debe ser quen de entender textos de diferente complexidade e xénero, e extraer as ideas explícitas e implícitas no texto co fin de elaborar o seu propio pensamento crítico e creativo. Comprender un texto implica pór en marcha unha serie de estratexias de lectura que deben practicarse na aula e proxectarse a todas as esferas da vida e a calquera tipo de lectura: ler para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. Igualmente, a produción escrita significará procurar para cada situación o tipo de texto, adecuando, planificando e redactando, atendendo a aspectos diversos, e revisando a escrita final.

O bloque 3, "Funcionamento da lingua" integra contidos relacionados co código e a súa organización, e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua, coa finalidade de servir de base para o seu uso correcto, afastándose da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como fin en si mesmo. O bloque 4, "Lingua e sociedade" céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora para todos os individuos. Do mesmo xeito, incídese na identificación e superación dos prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos.

O bloque 5, "Educación literaria" asume o obxectivo de facer dos alumnos e as alumnas lectores e lectoras competentes, con implicación nun proceso de formación de lectura que continúe ao longo de toda a vida. Ademais, o alumnado achegarase á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e as súas autoras máis salientables, e recoñecerá a vinculación destes produtos literarios coa historia de Galicia. O tratamento de todos estes contidos ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliábeis, neste currículo. Por outra parte, a LOMCE determina que a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria pasa a se organizar en dous ciclos: o primeiro, formado por 1.º, 2.º e 3.º de ESO, mentres o segundo ciclo está constituído exclusivamente por 4.º de ESO, curso que ten carácter fundamentalmente propedéutico e pode ser cursado pola opción de ensinanzas académicas –con acceso ao Bacharelato– ou pola de ensinanzas aplicadas –con acceso á Formación Profesional– En canto ás materias, a LOMCE fai unha distinción entre materias troncais, materias específicas e materias de libre configuración autonómica; neste último bloque encádrase actualmente a materia de Lingua Galega e Literatura.

Así pois, este novo marco lexislativo obrigou a unha mudanza completa do panorama educativo que é a que motivou a aparición do noso proxecto educativo para a materia de Lingua Galega e Literatura destinado aos catro cursos que integran a ESO. A nosa intención foi a de ofrecer materiais adaptados a todas estas mudanzas lexislativas, que presenten con rigorosidade e clareza os contidos e as

actividades integradas, contribuíndo a unha aprendizaxe comunicativa, construtiva e próxima á realidade social e cultural do noso territorio.

2. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Son os seguintes, conforme á lexislación:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. E
-) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófon

3 OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES, COMPETENCIAS CLAVE, MÍNIMOS DE AVALIACIÓN

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Mínimos de aval
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGB1.1.1
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	

			comunicación e recoñece a validez dos argumentos.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB1.2.1.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSEIEE 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CLL ▪ CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB1.3.1.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGB1.4.1
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGB1.5.1.

	respecto.	nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. ▪ LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE 	LGB1.5.2.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.65.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. ▪ LGB1.6.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. ▪ LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CAA ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC 	LGB1.65.1.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. ▪ LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CLL ▪ CSC ▪ CCL 	LGB1.7.1.

			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> a c d h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. escoita crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Manifesta una actitude crítica e reflexiva que permite identificar prexuízos e mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.1. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes discriminatorias que proveñen dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	LGB1.8.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.8.2. Rexeita argumentadamente os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	LGB1.8.2.
<ul style="list-style-type: none"> a b e g h o 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción de textos orais, de técnicas para aprender a falar en público e uso das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Realizar exposicións orais planificadas e claras de traballos e de informacións de actualidade, coa axuda das TIC. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.1. Planifica a produción oral, estrutura o contido, revisa os borradores e esquemas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCL 	LGB1.9.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGB1.9.2.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGB1.9.3.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CSIEE 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB1.9.5. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación atractiva e innovadora. 	<ul style="list-style-type: none"> CD CAA CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> b h 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e 	<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	LGB1.10.1.

	recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas	recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.11. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.11.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.112 Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ h ▪ l ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.12. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSIEE ▪ CCEC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.13. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CSIEE 	LGB2.13.1.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	

			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGB2.2.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	LGB2.2.2.
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Comprensión e interpretación de textos argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.4. Comprender e interpretar textos argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGB2.4.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.4.4.2. Elabora a súa propia interpretación a partir dos argumentos expresados nun texto. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.5. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	

			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.5.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	LGB2.5.2.
<ul style="list-style-type: none"> d e h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.6.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> c d h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.7.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	LGB2.7.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.7.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> b e f h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Uso autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter información complementaria. 	<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Usar e seleccionar materiais de consulta das bibliotecas e doutras fontes de información impresa ou en formato dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.8.2. Sèrvese dos recursos que ofrecen as bibliotecas ou as TIC para integrar os coñecementos adquiridos nos seus escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> b f h 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Uso de técnicas e estratexias para producir textos escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión). 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.9.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso (diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais). 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB2.9.3. Ordena as ideas e estrutura os 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGB2.9.3.

			<p>contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	LGB2.9.4.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Utilización das TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.10. Empregar as TIC para corrixir e mellorar a presentación dos escritos, para difundir os textos propios, coñecer outros alleos e intercambiar opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.1. Usa as TIC para a corrección dos textos: corrector ortográfico do procesador de textos, dicionarios en liña e outras páxinas especializadas no estudo da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.2. Usa procesadores de textos para mellorar a presentación dos seus escritos, especialmente na presentación dos seus traballos educativos, atendendo a cada unha das funcionalidades de cada elemento: encabezamento e pé de páxina, numeración de páxinas, índice, esquemas etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.10.3. Usa as TIC como medio de divulgación de textos propios, de coñecemento doutros alleos e de intercambio de opinións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.11. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	

	<p>pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial.</p>	<p>proprios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, administrativos e comerciais.</p>	<p>soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.12.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Composición en soporte impreso ou dixital de textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Producir en soporte impreso ou dixital textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.2. Crea, en soporte impreso ou dixital, un texto argumentativo propio a partir dun tema dado sen documentación previa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.13.3. Sintetiza a información e resume textos argumentativos sen repetir nin parafrasear o texto de partida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ d ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.14. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB2.14.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC 	
<p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p>					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB3.1.1.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB3.1.2.

			lingua galega nas súas producións orais e escritas.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecemento e uso das formas verbais da lingua galega e das perífrases. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Recoñecer e usar correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.2.1. Recoñece e usa correctamente as formas verbais e as perífrases verbais da lingua galega e distingue os diversos tipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.3.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ n ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Usar eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, para resolver dúbidas, para progresar na aprendizaxe autónoma e para enriquecer o propio vocabulario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB3.6.1.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.6.2. Recoñece o valor funcional e social das normas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	

			ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.		
▪ e	▪ B3.7. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	▪ LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.	▪ CCL	
▪ b ▪ e	▪ B3.8. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	▪ B3.8. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.	▪ LGB3.8.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. ▪ LGB3.8.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. ▪ LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega. ▪ LGB3.8.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. ▪ LGB3.8.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL ▪ CCL ▪ CCL	
▪ e ▪ h	▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	▪ B3.9. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	▪ LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	▪ CCL ▪ CAA	
▪ e	▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	▪ B3.10. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, a vinculación e progresión temáticas, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	▪ LGB3.10.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. ▪ LGB3.10.2. Xustifica argumentadamente a división en parágrafos de textos propios e alleos. ▪ LGB3.10.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. ▪ LGB3.10.4. Elaborar textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	▪ CCL ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL ▪ CLL	LGB3.10.2. LGB3.10.4.
▪ a	▪ B3.11. Identificación e explicación dos trazos	▪ B3.11. Identificar e explicar os trazos que	▪ LG3.11.1. Identifica e describe a estrutura e	▪ CCL	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<p>que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.</p>	<p>permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais, especialmente os argumentativos.</p>	<p>os trazos lingüísticos dos diferentes xéneros textuais, especialmente nos argumentativos, e aplicaos nas producións propias.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Xustifica a adecuación dos textos, en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.11.2. Recoñece nun texto, e emprega nas producións propias, os distintos procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade. ▪ LGB3.12.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. ▪ LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.13.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	LGB3.13.1.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB3.14.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA 	
Bloque 4. Lingua e sociedade.					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC 	LGB4.1.1.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. ▪ B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI. 	<p>expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.</p>	<p>e cun discurso propio a súa postura.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura. ▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI. ▪ LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGB4.1.2.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. ▪ LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual. ▪ LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos. ▪ LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada. ▪ LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCL ▪ CSC ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	LGB4.3.1.

	recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.		
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	LGB4.3.3.
			<ul style="list-style-type: none"> LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC CD 	
<ul style="list-style-type: none"> ñ o 	<ul style="list-style-type: none"> B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	

			xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.8. Prexuízos lingüísticos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ ñ ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGB4.7.2.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC 	LGB4.7.4.
	Bloque 5. Educación literaria.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGLB5.1.1.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	

			literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.		
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	LGLB5.2.2.
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	

	literatura galega de 1916 ata a actualidade.	actualidade.	1916 ata a actualidade.		
			<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	
<ul style="list-style-type: none"> b h l 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGLB5.4.1.
<ul style="list-style-type: none"> e h l 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL 	LGLB5.5.1.
			<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD 	
<ul style="list-style-type: none"> h l n 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCEC 	

4. METODOLOXÍA

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétase na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun

alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto. As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciado: Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso.

Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usogramaticais. Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos. Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información. Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.

Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo. Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.

Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.

A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión. O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

O libro de texto será unha ferramenta que nos será útil para secuenciar e organizar os contidos da materia. Se ben, en ningún momento será o elemento central da materia. Moi ao contrario será empregado como ferramenta complementaria a un traballo de aula que contará con diversos recursos e materiais.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto (da editorial Baía) será unha ferramenta importante para a nosa práctica diaria xa que supón unha fonte importante de recursos para o alumnado, pero entendemos que a clase non pode xirar unicamente en torno a este recurso polo que empregaremos tamén:

- Materias da rede.
- Recursos audiovisuais e dixitais.
- Presentacións e traballos en grupo
- Esquemas e resumos
- Dicionarios, blogs, páxinas web, etc.

6. SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

Tomando como referencia a estrutura dos contidos do manual estableceremos a seguinte secuenciación por trimestres, se ben moitos destes contidos poderán traballarse con recursos e métodos diferentes aos establecidos no manual.

	Bloques	Lectura	Exposición oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade
1.º trimestre	Unidade 1	“En palacio”	Expresar seguranza	Adecuación	Política e lexislación / Polisemia e homonimia	Comunicación, lingua e disciplinas lingüísticas	Acentuación (I)	Plurilingüismo
	Unidade 2	“Peinador: unha moeda galega antes do euro”	Facer suxestións	Coherencia	Economía e finanzas / Sinonimia	Substantivo / Adxectivo	Acentuación (II)	Diversidade lingüística na Península Ibérica
	Unidade 3	“Autopoética in progress” e “Some answers to	Destacar unha idea	Cohesión (I)	Deportes de aventura / Antonimia	Pronome persoal / Artigo / Demostrativo / Posesivo	Puntuación (I)	O galego e a lusofonía

		the last poem on late capitalism”						
	Unidade 4	“Reis Magos”	Reformular	Cohesión (II)	Administración / Hiperonimia, hiponimia e cohiponimia	Identificador / Cuantificador / Numeral / Relativo / Interrogativo e exclamativo	Puntuación (II)	A lingua galega nas leis
		Literatura						
	Unidade 13	A literatura galega desde comezos do século XX até 1936						

	Bloques / Unidades	Lectura	Expresión oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade	
2.º trimestre	Unidade 5	“Vive tempo e próspero”	Facer conxecturas	Estruturas dialogada e monologada	Xustiza / Holonimia e meronimia	Verbo	Uso dalgunhas vogais e de b/v	Situación sociolingüística do idioma galego	
	Unidade 6	“Epitalamio das cebolas” e “É difícil comprender que sucede connosco mentres todo cambia...”	Xeneralizar a facer excepcións	Estrutura narrativa	Ciencia / Abreviación, abreviatura e símbolo	Adverbio / Preposición / Conxunción	Uso de <i>h</i> e de <i>s/x</i>	Conflicto lingüístico e diglosia. Planificación lingüística	
	Unidade 7	<i>Un hotel de primeira sobre o río</i>	Expresar dúbida e indecisión	Estrutura descritiva	Educación viaria / Composición	Sintaxe (I)	Uso doutras consoantes	Preconceitos lingüísticos	
	Unidade 8	“Unha viaxe até a terra do xeo”	Consensuar	Estrutura persuasivo-argumentativa (I)	Teatro / Derivación	Sintaxe (II)	Grupos consonánticos (I)	Variedades lingüísticas (I)	
		Literatura							
	Unidade 14	A literatura galega desde 1936 até a							

	Xeración dos 50
--	-----------------

	Bloques	Lectura	Exposición oral	Lingua e texto	Léxico	Gramática	Ortografía	Lingua e sociedade
3.º trimestre	Unidade 9	“Nintendo” e “(Pinocchio) Cando chega o día...”	Resumir	Estrutura persuasivo-argumentativa (II)	Culinaria / Neocomposición	Sintaxe (III)	Grupos consonánticos (II)	Variedades lingüísticas (II)
	Unidade 10	<i>Unha primavera para Aldara</i>	Improvisar un discurso	Estrutura persuasivo-argumentativa (III)	Emprego e relacións laborais / Sigla, acrónimo e amálgama	Sintaxe (IV)	Palabras que comezan por...	Historia da lingua galega (I): a lingua galega de 1916 a 1936
	Unidade 11	“A xeración Biotopo”	Presentar o currículo propio	Estrutura expositivo-explicativa	Energía / Estranxeirismo, cultismo e latinismo	Sintaxe (V)	Palabras que terminan en...	Historia da lingua galega (II): a lingua galega de 1936 a 1975
	Unidade 12	“Peixes voadores non identificados”	Participar nunha entrevista de traballo	Estrutura obrigativo-instrucional	Deportes e actividades acuáticas / Onomatopea, palabra tabú e eufemismo	Sintaxe (VI)	Xuntos ou separados?	Historia da lingua galega (III): a lingua galega de 1975 á actualidade
		Literatura						
	Unidade 15	A literatura galega desde os anos 50 até a actualidade						

A secuenciación da materia poderá ser modificada en función dos ritmos e necesidades do alumnado.

7. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continua, xa que unha materia de carácter instrumental como é o caso da de Lingua e Literatura Galega debe manter ese sistema pola imposibilidade de illar

uns obxectivos de outros. A profesora ou profesor realizará unha avaliación inicial ao principio de curso que será completada coa avaliación formativa, que se realizará durante todo o curso, recollendo constantemente información sobre a marcha do alumnado e da que formarán parte todas as actividades levadas a cabo ao longo de cada período avaliador.

Así mesmo haberá actividades de recuperación para o alumnado que non acade o grao mínimo dos indicadores de logro.

Será a profesora ou profesor quen decida no seu momento o sistema que empregará para recuperación do alumnado por medio dun procedemento que non contradiga o sistema de avaliación continua. Completarase cunha avaliación sumativa, que valorará ao final do curso o grao de consecución obtido polo alumno respecto aos obxectivos previstos.

En caso de non alcanzar estes obxectivos, existirá un exame de setembro onde obrigatoriamente se acudirá para examinarse de toda a materia.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a súa actitude ante o traballo e a materia; e, finalmente, as lecturas e traballos realizados.

Para a avaliación terase en conta, loxicamente:

O seguimento e actitude do alumna/o día a día a través do caderno e das actividades cotiás suporá un máximo do 10% da cualificación final.

As probas e traballos efectuados para comprobar a realización e aproveitamento das lecturas obrigatorias suporán un máximo do 10% da cualificación final.

As probas, tanto orais como escritas, realizadas ao longo do trimestre para valorar a evolución do alumno/a e o seu grao de logro dos obxectivos suporán un máximo do 80% da cualificación final.

A avaliación aprobarase cunha cualificación mínima de 5.

Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro. A nota de xuño (avaliación ordinaria) será a mesma da 3ª, dado o carácter continuo da avaliación. Para aqueles que non superen a materia en xuño, haberá un exame extraordinario no mes de setembro relativo aos estándares que será valorado cunha cualificación máxima de 10; nesta proba non figurarán cuestións relativas aos libros de lectura.

As faltas de ortografía (incluído til diacrítico) graves, que atenten contra o código serán penalizadas en cada proba escrita: cada catro faltas descontarase 0,25, até un total de 2 puntos.

A participación en CLUB DE LECTURA, CLUB DE DEBATE, UNESMUN, CIJC SANTARÉM e calquera outra que demande un traballo extra e continuado durante o curso escolar suporá un incremento de até 1 punto na cualificación da avaliación ordinaria (non da extraordinaria); este incremento só se aplicará desde o momento no que o alumno ou a alumna obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

Avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase a través dunhas probas obxectivas nas que se comprobe o grao de adquisición das competencias lingüísticas activas e pasivas e que serán efectuadas durante a primeira semana do curso.

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente terá a posibilidade de realizar traballos e actividades relativas a ela e, así mesmo, terá a oportunidade de superar un exame trimestral para recuperar a materia.

8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe da aula implementaremos as diferentes medidas establecidas na lexislación vixente: ACI, Plans de Mellora e reforzos educativos. Así mesmo estaremos en contacto permanente co Departamento de Orientación para traballar coas diferentes necesidades que xurdan ao longo do curso.

Neste sentido temos que salientar que este apartado é un dos grandes retos que se nos presenta neste nivel educativo. Temos clases moi diversas con alumnos de niveis moi diferentes (PMAR) e con diferentes situacións, algunhas de suma gravidade. Se a isto engadimos que estamos ante grupos moi numerosos temos que concluír que a atención á diversidade se presenta como un dos grandes problemas a resolver durante este curso.

9. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES

A lexislación vixente establece que a educación en valores debe ser un referente fundamental no proceso de ensino aprendizaxe. Esta debe ter un carácter transversal e estar presentes en todo momento na nosa materia. Prestaremos especial atención aos seguintes aspectos:

· Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. · Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. · Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Ao longo de todo o curso estaremos en contactos con ferramentas dixitais e tecnoloxías da comunicación á hora de realizar proxectos de investigación, presentacións e redacción de textos co fin de contribuír ao desenvolvemento da competencia dixital e da alfabetización informacional en distintos soportes.

11. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Partindo dos obxectivos establecidos neste plan (DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar). No artigo 3º deste decreto establécese o seguinte: Artigo 3. Principios informadores e fins das normas de convivencia. A convivencia nos centros docentes de niveis non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia deberá ter como referentes xerais os principios establecidos pola Constitución española e as leis orgánicas que a desenvolvan, o Estatuto de autonomía de Galicia e a lexislación que del dimana, en especial a Lei 4/2011, así como a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais en materia educativa ratificados por España. En particular, a convivencia nos centros docentes orientarase aos seguintes fins, que informarán a súa interpretación e aplicación: a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de forma óptima os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar. b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas. c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces. d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica axeitada ás súas funcións. e) A corresponsabilidade das nais e dos pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas. f) A promoción da resolución pacífica dos

conflictos e o fomento de valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas. g) O avance no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar. h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado Polo tanto, nesta programación levaremos adiante todas e cada unha dos aspectos que se desenvolven no plan de convivencia do centro e da lexislación vixente, para contribuír ao plan de convivencia. Deste xeito trataremos de fomentar o respecto, a sensibilización co outro e a resolución pacífica de conflitos de xeito transversal nas nosas aulas, tanto a través da creación dun ambiente de traballo respectuoso e agradable como a través dos programas específicos propostos no proxecto de convivencia do IES Luís Seoane.

12. CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO E LECTOR DO CENTRO

O Departamento de Lingua Galega, o ENDL e o Equipo de Biblioteca traballan coordinados en boa parte de xeito interdisciplinar; neste sentido, a contribución da materia de lingua e literatura galega ao proxecto de centro é fundamental xa que compartimos unha boa parte dos obxectivos. Incentivamos, pois, a participación do alumnado nas saídas, nas publicacións, no club de debate, noa clubs de lectura, nos roteiros temáticos, nas actividades do Comité UNESCO... que cada ano organiza o centro conforme ao establecido no seu proxecto lingüístico.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O alumnado de 4º ESO participará nas actividades complementarias e extraescolares, por exemplo en:

- Saídas formativas
- Viaxes formativas
- Exposicións
- Charlas e conferencias
- Concertos
